


EXPOSICIÓN

EIDOS DA IMAXE GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO

6 xuño – 12 outubro 2014



Fernando García Correa. *Sombra de Bosque (L)*, 2010. Fernando García Correa e Arróniz Arte Contemporáneo

- Datas** 6 xuño – 12 outubro 2014
- Lugar** Salas de exposición do 1º andar
- Horario** Martes a sábados (festivos incluídos) de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00
Domingos, de 11.00 a 14.30
Pechado luns
- Comisario** Alberto Ruiz de Samaniego
- Coordinador** José Manuel Mouriño
- Produción** MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Proxecto Baliza, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo

O proxecto Baliza está financiado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no marco do Subprograma de Fortalecemento CEI 2011

Universidade de Vigo
Facultade de Belas Artes

baliza
CAMPUS DO MAR
PONTA VEDRA

Eidos da imaxe. Grafías dos feitos e do pensamento ten o apoio do Fondo Nacional para la Cultura y las Artes, México

CONACULTA FONCA

PRESENTACIÓN

‘EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO’

Sempre existiu un vínculo entre a arte e o coñecemento ou o saber científico. Pero ademais, na nosa modernidade técnica, moitos dos resultados e procedementos do coñecemento científico dependen en boa medida da súa visualización e construción en imaxes. A miúdo, a proba física destes procesos de experimentación, a súa proba experimental tanxible, desemboca na imaxe. Este proxecto expositivo mostra como artistas e investigadores comparten a necesidade de obter resolucións gráficas e figurativas dos acontecementos ou dos feitos físicos do mundo.

Ramiro Álvarez Clavero (Servizo de Teledetección, CACTI, UVigo); **Alessandro Benedetti** (Departamento de Física Aplicada, CACTI, UVigo); **Loreto Blanco Salgueiro** (Facultade de BBAA, UVigo); **Fernando Casás** (Facultade de BBAA, UVigo); **María Castellanos Vicente** (Facultade de BBAA, UVigo); **John Coplans**; **Román Corbato** (Facultade de BBAA, UVigo); **Santiago Fraga** (Instituto Español de Oceanografía, Centro Oceanográfico de Vigo); **Silvia García** (Facultade de BBAA, UVigo); **Christian García Bello** (Facultade de BBAA, UVigo); **Fernando García Correa**; **Fran Herbello** e **Manuel Sendón** (Facultade de BBAA, UVigo); **Yolanda Herranz Pascual** (Facultade de BBAA, UVigo); **Anne Heyvaert** (Facultade de BBAA, UVigo); **Juan Fernando de Laiglesia** (Facultade de BBAA, UVigo); **Elena Lapeña** (Facultade de BBAA, UVigo); **Juan Loeck** (Facultade de BBAA, UVigo); **Lola Marazuela** e **Paco Mesa**; **Juan Carlos Meana** (Facultade de BBAA, UVigo); **Gonzalo Méndez Martínez** e **Aida Ovejero** (Departamento de Xeociencias Mariñas e O. T., UVigo); **Beatriz Mouriño** e **Denise McGillicuddy** (Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal, UVigo / Woods Hole Oceanographic Institution, EUA); **Arturo Moya**; **Mónica Ortuzar** (Facultade de BBAA, UVigo); **Juan J. Pasantes**, **Concepción Pérez-García** e **Paloma Morán** (Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía, UVigo); **Perejaume**; **Ignacio Pérez-Jofre** (Facultade de BBAA, UVigo); **Rubén Ramos Balsa**; **Francisco de Sales Covelo**; **Carmen Serra Rodríguez** (Servizo de Nanotecnoloxía e Análises de Superficies, CACTI, UVigo); **Ana Soler** (Facultade de BBAA, UVigo); **Jesús S. Troncoso** (Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal, UVigo); **Grupo de Ecoloxía Pesqueira** (Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo, IIM-CSIC); **Grupo de Investigación XM1** (Irene Alejo, Susana Costas, Guillermo Francés, Rita González-Villanueva, Miguel A. Nombela, Marta Pérez-Arlucea, Corinne Pérez-Estévez - Departamento de Xeociencias Mariñas, UVigo); **Grupo de Tecnoloxías Multimedia** (Centro Tecnolóxico AtlanTIC, UVigo)

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO

‘EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO’ é froito da colaboración entre o MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, e a Universidade de Vigo. O **Proxecto BALIZA**, desenvolvido na **Facultade de Belas Artes de Pontevedra** e integrado en **Campus do Mar. Knowledge in Depth**, forma parte das accións financiadas polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no marco do Subprograma de Fortalecemento de Campus de Excelencia Internacional. Trátase dun programa cuxo fin é aumentar a internacionalización e a creación de estruturas estables capaces de conxugar o mundo universitario co territorio, a administración cívica, a sociedade civil e o mundo empresarial. Neste contexto, o Ministerio de Educación xunto coa Secretaría de Universidades, impulsou a publicación do documento 'A arte como criterio de excelencia', destinada especificamente á introdución de iniciativas artísticas dentro dos proxectos de Campus de Excelencia Internacional. Nesta liña de actuación enmárcase o Proxecto BALIZA, cuxo obxectivo é deseñar un plan de actuación a medio prazo relativo á investigación no campo das Belas Artes: seminarios, xornadas, foros de debate, desenvolvemento de recursos e ferramentas específicas, son algunhas das actuacións levadas a cabo dende o ano 2012, e este proxecto expositivo significa un paso esencial na exploración e visibilidade do binomio arte-ciencia.

Mostrar que arte e ciencia non están tan separadas como podemos pensar é un dos obxectivos da exposición ‘**EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO**’, comisariada por Alberto Ruiz de Samaniego. A historia da cultura occidental está chea de exemplos que mostran os vínculos entre un sistema de percepción e medida técnico, e a imaxe plástica. Tanto no plano científico como no artístico, existen determinados procesos de investigación que precisan da súa manifestación en forma de imaxe. A partir desta idea, esta mostra colectiva reúne traballos desenvolvidos por **grupos de investigación** científica da Universidade, **artistas** da Facultade de Belas Artes, e varios **creadores invitados**. Todos eles expoñen nun plano de igualdade os seus procesos de investigación en torno ás imaxes, nunha mostra que se define pola súa versatilidade.

O título da exposición cobra especial sentido se atendemos ao significado literal do termo. ‘**EIDOS** da imaxe’ remite, por unha banda, á idea de campos e territorios —incluso sentidos— de traballo e exploración. Por outra banda, alude tamén a un concepto filosófico e científico de grande tradición na historia do coñecemento: o vocábulo grego εἶδος / *Eidos* [aspecto da realidade condensado nunha forma ou nun concepto], usado por Platón, Aristóteles, ou Husserl —o pai da fenomenoloxía— no século XX.

O proxecto concibiuse segundo **sete vías de desenvolvemento**, que se corresponden coa montaxe da exposición nas salas do MARCO: Morfografías, Xeografías, Cronografías, Anatomografías, Micrografías, Macrografías e Espectrografías.

Morfografías reúne os traballos relacionados coa análise e creación de formas. Trata de configuracións dinámicas do acto creativo, tanto na natureza como na arte. Baixo o epígrafe **Xeografías** móstranse obras que teñen que ver con medicións e cambios de escala, co estudo do litoral, do relevo, dos volumes; con expedicións xeográficas, coa perspectiva. A sección **Cronografías** relaciónase coas medicións e rexistros no tempo ou do tempo, tal como **Anatomografías** se refire ás medicións e rexistros do corpo. As **Micrografías** —procesos de captación de imaxes de obxectos non visibles mediante instrumentos ópticos ou electrónicos como lupas e microscopios— e **Macrografías** —obtención de imaxes ou rexistros gráficos de orde maior en relación co obxecto seleccionado— son o eixe noutros dous apartados. Por último, baixo o título **Espectrografías** móstranse imaxes obtidas no proceso de analizar o espectro de frecuencias característico dun movemento ondulatorio (sonoro, luminoso ou electromagnético). A descomposición espectral de frecuencias pode aplicarse a calquera concepto asociado con frecuencia ou movementos ondulatorios como son as cores, as notas musicais, as ondas electromagnéticas de radio ou televisión, e mesmo a rotación regular da terra.

En cada unha das seccións incluíronse, xunto ás obras de artistas e investigadores, materiais históricos e pezas documentais que funcionan como modelos e principios de uso da imaxe-signo, e mostras de procesos experimentais contemporáneos.

TEXTO CURATORIAL

Sempre existiu un vínculo entre a arte e o coñecemento ou o saber científico. Se pensamos nun momento crucial da historia da arte en Occidente, o Renacemento, non podemos esquecer o papel relevante que a perspectiva, por exemplo, tivo no *Quattrocento* como instrumento para aplicar unha concepción do espazo tridimensional. Por outro lado, moitos artistas non desestimarían a consideración do creador ao xeito de Leonardo, en tanto que alguén dedicado a investigar os segredos da Natureza e a rexistrar as súas dinámicas. Vínculos similares entre un sistema de percepción e medida técnico e a imaxe plástica podemos atopar en outros momentos da historia da cultura, como o nacemento da fotografía, no posterior desenvolvemento das posibilidades da imaxe en movemento ou nas colaboracións, por exemplo, dun pintor como Fuseli con Lavater, ilustrando os seus *Ensaíos sobre Fisiognómica*, ou nas magníficas ilustracións —talvez debidas a Tiziano— dos estudos anatómicos de Vesalio. Algo parecido poderíamos dicir das tentativas plásticas de investigadores científicos como o propio Goethe, Dahl, un botánico debuxante como Linneo ou, no noso ámbito cultural, figuras como Simon Peter Pallas ou Ramón y Cajal.

Pero, ademais, na nosa modernidade técnica habemos de concluír que moitos dos resultados e procedementos do coñecemento científico dependen en boa medida da súa visualización e construción nun universo de imaxes. A miúdo, a proba física destes procesos de experimentación, a súa proba experimental tanxible, desemboca na imaxe. Os exemplos son innumerables, citemos algúns: os debuxos de micropartículas estudados e desenvolvidos por Robert Hooke, as experimentacións co movemento dos corpos por parte de Muybridge e Marey, a propia invención do cinematógrafo polos irmáns Lumière, as cristalografías de Snowdon, as probas de relación entre o son e a imaxe en Edison, a radiografía pioneira dos raios X de Röntgen coa man da súa muller, o test de Rorschach ou, finalmente, as imaxes realizadas por Franklin e Gosling sobre a difracción de cristais de fibras de ADN, que axudaron de xeito determinante para establecer a estrutura do código xenético e o modelo da dobre hélice.

Partimos da idea de que o coñecemento —non só científico— responde á nosa vontade de medir (o) todo. O tema máis abstracto que podemos achar no sistema científico é a medida, *comparatio*, e a súa formación como signo. A observación dun fenómeno e o seu traslado. Neste sentido, un tema engloba a nosa reflexión sobre as conexións entre a arte e o coñecemento experimental: medidas e grafías. Resolucións gráficas e figurativas dos acontecementos ou dos feitos físicos do mundo. Formulamos, polo tanto, unha catalogación de medidas posibles e de sistemas de fixación (gráficos, grafías) deses signos, feitos procesos físicos. Nese xogo metonímico e metamórfico —metafórico, mesmo: é dicir, trasladar

NOTA DE PRENSA

condicións entre sistemas de signos— é onde entran en xogo, xunto cos sistemas de observación experimental, os artistas.

Propoñemos sete vías de desenvolvemento do proxecto expositivo, sustentadas nas diferentes figuras e posicionamentos que, en relación co fenómeno físico, a súa observación e o seu rexistro, podemos contemplar. En cada unha destas vías incorporáronse materiais históricos que funcionan como modelos —regulativos— e principios de uso da imaxe-signo. Así mesmo, invitamos a artistas externos á Universidade de Vigo a que participen no seu desenvolvemento, ao tempo que incluímos procesos experimentais específicos e contemporáneos que se incardinan en cada un destes tratamentos.

Alberto Ruiz de Samaniego

[Comisario da exposición]

INFORMACIÓN XERAL

SOBRE O COMISARIO

Profesor titular de Estética e Teoría das Artes da Universidade de Vigo, Alberto Ruiz de Samaniego é doutor en Filosofía pola Universidad Autónoma de Madrid. Coordinador do Máster de Arte Contemporánea: investigación e creación, da Universidade de Vigo, foi director da Fundación Luis Seoane da Coruña (2008-2011). Como crítico cultural e comisario de exposicións, recibiu o Premio Espais á crítica de arte, e foi comisario do Pavillón Español da 52ª Edición da Bienal de Arte de Venecia. Ten publicado, entre outros, os seguintes libros: *Maurice Blanchot: una estética de lo neutro* (1999), *Semillas del tiempo* (1999), *La inflexión posmoderna: los márgenes de la modernidad* (2004), *James Casebere* (2005), *Belleza de otro mundo. Apuntes sobre algunas poéticas del inmovilismo* (2005), *Paisaje fotográfico. Entre Dios y la fotografía* (2007), e *Ser y no ser. Figuras en el dominio de lo espectral* (2013). Ten comisariado exposicións dos artistas Antón Lamazares, Luis Seoane, Xesús Vázquez, Chema de Luelmo e Manuel Vilariño, e diversas colectivas de arte contemporánea (*La Isla Futura: arte joven cubano; Arte y nihilismo; 5000 años de arte moderno; Arte y enfermedad*), así como as mostras *Georges Perec: Tentativa de inventario; Atlantikwall. Arquitecturas bélicas en las playas del oeste; Andrei Tarkovski: fidelidad a una obsesión; La escultura en Fritz Lang; Unterwegs: al paso de Walter Benjamin; e Cabañas para pensar*.

INFORMACIÓN E VISITAS

O persoal de salas está a disposición dos visitantes para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

- Todos os días ás 18.00
- Visitas 'á carta' para grupos, previa cita no tel. 986 113900/11

Se desexa recibir máis información, diríxase a:
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Departamento de Comunicación (Marta Viana ou Pilar Souto)
R/ Príncipe nº 54 - 36202 Vigo
Tel. +34 986 11 39 08 /11 39 03 / 11 39 00
Fax. +34 986 11 39 01
Email: marta.viana@marcovigo.com pilar.souto@marcovigo.com
www.marcovigo.com
www.facebook.com/marco.vigo